



Concello de Bueu

Expediente	2948/2023 vinculado co seguinte expediente: 1876/2023 (subvención)
Procedemento	Contratacións
Código SIA	1429768
Asunto	SUBMINISTRACIÓN. SIMPLIFICADO - Adquisición dunha desbrozadora de brazo para tractor. Anualidade 2022 Plan Concellos 2022-2023
Unidade xestora	Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
Documento	Resolución de alcaldía
Trámite	Incoación do expediente de contratación

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

I. Antecedentes

1.- Mediante o prego de prescricións técnicas para a adquisición dunha desbrozadora de brazo para tractor asinado polo arquitecto técnico do concello, Alfredo de la Campa Ferverza o 14.06.2023 e cun orzamento xeral de 18.150,00 € Ive engadido se definen as características técnicas da maquinaria que se pretende adquirir. O citado documento técnico foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 2023-1225 de data 15.06.2023 (CSV:6WCMXAEN3NGPR5JARW3METLQE).

Consta informe complementario ao PPT asinado o 20.10.2023 polo arquitecto técnico municipal no que se xustifica a non división en lotes, se indica o código CPV do contrato e a normativa específica que debe cumprir a maquinaria.

2.- O artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) establece que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a tramitación do correspondente expediente que será iniciado polo órgano de contratación.

No precepto de referencia se sinala que na incoación do procedemento deberá quedar motivada a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 da LCSP.

O art. 28 da LCSP establece que as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais e sinala que, para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado ao seu adxudicación.

Considerando o informe subscrito pola concelleira delegada de Modernización da administración, Ensino, Participación veciñal, limpeza viaria e de edificios públicos o 27.10.2023, en virtude da resolución de alcaldía núm. 2023- 1428 de 21.07.2023 (BOP

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

núm.151 de 07.08.2023) que sinala o ámbito funcional de dita concellería, en materia, entre outras, da limpeza viaria, xustificativo da necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación no que se dispón que:

".../...As necesidades a satisfacer mediante a tramitación, adjudicación e execución do presente contrato de subministro resultan das competencias propias municipais e dos servizos mínimos obrigatorios dos concellos previstos nos arts. 25.2. e 26 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

No ámbito das administracións locais, a normativa básica atribúe competencias aos concellos en protección de medio ambiente, e ademais en diversa normativa sectorial ambiental (augas, montes e prevención de incendios, residuos, ordenación do territorio e urbanismo...) tamén se atribúen funcións ás entidades locais para as que deben contar cos medios humanos e materiais precisos.

Asimesmo, o artigo 25 da LBRL sinala entre as competencias municipais:

"Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas"

Enténdese xustificada a necesidade de adquirir un brazo desbrozador para o tractor para que a brigada municipal de obras e servizos poida executar con eficiencia as labores de limpeza, conservación e mantemento das vías e espazos públicos.

O concello precisa adquirir un brazo para o vehículo tractor marca New Holland do que é titular para poder levar a cabo as labores de desbroce e limpeza de herba e maleza das marxes dos viarios toda vez que o brazo que se viña empregando está avariado e non é posible a súa reparación.

Hai que ter en conta ao respecto que a maquinaria coa que actualmente contamos a nivel municipal é moi limitada, ademais de ter unha antigüidade notable o que está provocando un gasto extraordinario na en repostos e reparacións. A obsolescencia da maquinaria actual provoca que as maquinas estean máis tempo paradas no taller reparándose que traballando para o Servizo, facendo cada día máis custosas as operacións de reparación e mantemento co risco que quebra do equilibrio entre custo venal da maquinaria e custo de reparación. Esta situación só é posible porque o Servizo se non as arranxa carecería de medios para desenvolver os labores de limpeza encomendada.../..."

O devandito informe emítese en cumprimento da esixencia contida no artigo 28 en relación co artigo 116 ambos da LCSP.

3.- O Concello de Bueu conta co financiamento económico que fai viable a materialización deste investimento:

Ao abeiro da convocatoria da Deputación Provincial do Plan Provincial de Obras e Servizos 2022-2023, (Plan Concellos 2022-2023), a Deputación concede unha subvención ao concello de Bueu para dito investimento por importe de 18.150,00 € correspondente á anualidade 2023.

O 30.08.2023 (2023-E-RC-5549) recibíuse comunicación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra trasladando Resolución presidencial de 29.08.2023, en virtude da que se

Concello de Bueu





Concello de Bueu

concede ao Concello de Bueu, CIF.:P3600400J, unha subvención por importe de 18.150 euros, con destino ao financiamento do investimento "Adquisición dunha desbrozadora de brazo para tractor (expediente 2023043463), cun orzamento polo mesmo importe.

Anualidade/s	Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas-€	Fondos propios do Concello-€
2022	18.150,00	18.150,00	0,00	0,00

4.- Consta incorporado ao expediente documento contable de retención de crédito asinado polo Interventor do concello en data 26.09.2023 por importe de 18.150,00 € con cargo á partida orzamentaria núm. 170.62300 do orzamento prorrogado para o exercicio 2023 (número de operación 220230002966).

II. Normativa aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12/10 (RGC).
- Lei 7/1985 reguladora das bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997 de administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)

Considerando as atribucións da alcaldía en materia de contratación segundo a Disposición adicional 2ª da LCSP, en base aos antecedentes detallados e con aplicación da regulación contida na normativa de aplicación relacionada no presente acto administrativo, tendo en conta o disposto no artigo 116 da LCSP e ao abeiro das competencias que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Incoar o procedemento de contratación para a adquisición dunha desbrozadora de brazo para tractor por procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria e ordenar a incorporación ao expediente núm.2948/2023 os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia da contratación suscrito pola Concelleira delegado de área de Modernización da administración, Ensino, Participación veciñal, limpeza viaria e de edificios públicos, en virtude da resolución de alcaldía núm. 2023-1428 de 21.07.2023 (BOP num. 151 de 07.08.2023).
- Prego de prescricións técnicas para a adquisición dunha desbrozadora de brazo para tractor asinado polo arquitecto técnico do concello, Alfredo de la Campa

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

Fervenza o 14.06.2023 e cun orzamento xeral de 18.150,00 € Ive engadido.

- Informe complementario ao PPT asinado o 20.10.2023 polo arquitecto técnico municipal no que se xustifica a non división en lotes, se indica o código CPV do contrato e a normativa específica que debe cumprir a maquinaria.
- DECRETO 2023-1225 [Resolución de alcaldía desistencia parcial de subvención Construción do novo parque Urbano Lugrís e solicitude de subvención para "Adquisición dunha desbrozadora de brazo para tractor" Plan Concellos 2022 e aprobación do prego de prescricións técnicas.
- Proposta de pregos reguladores da contratación (PCAP) do contrato cuxos principais elementos se conteñen no cadro resumo de características.
- Notificación da Resolución presidencial de 29.08.2023, en virtude da que se concede ao Concello de Bueu, CIF:P3600400J, unha subvención por importe de 18.150 euros, con destino ao financiamento do investimento "Adquisición dunha desbrozadora de brazo para tractor (expediente 2023043463)(2023-E-RC-5549)
- Documento contable de retención de crédito asinado polo Interventor do concello en data 26.09.2023 por importe de 18.150,00 € con cargo á partida orzamentaria núm. 170.62300 do orzamento prorrogado para o exercicio 2023 (número de operación 220230002966).

SEGUNDO.- Ordenar a emisión dos correspondentes informes preceptivos de fiscalización da intervención e a emisión do correspondente informe xurídico da secretaría municipal con carácter previo á aprobación do expediente de contratación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.

